



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA 13 DE XUÑO DO
ANO DOUS MIL QUINCE.**

ASISTEN COMO CONCELLEIROS ELECTOS

D. Pablo José Taboada Camoira.

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira.

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. Amando Sande Agra.

D^a. Alba Villasante Torres.

D. José Ramón García Vázquez.

D. Jesús Fandiño Sánchez.

D. Horacio Rouco Ferro.

D. José Sabino Prieto Vázquez.

D. José Ramón López Bruzos

D^a. Noelia Vázquez Paredes.

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Iván Ponte Mahía.



Sendo as doce horas do día trece de xuño do ano dous mil quince, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de constitución da Corporación en primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros electos relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde en funcións, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario – Interventor D. Iván Ponte Mahía, que da fe dó acto.

Constituída válidamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión co seguinte orde do día :



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

PUNTO PRIMEIRO.- CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DO SR. ALCALDE- PRESIDENTE.

O Sr. Secretario abre a sesión constitutiva do Pleno do Concello de Palas de Rei.

O Sr. Secretario sinala que a sesión constitutiva está regulada polos seguintes artigos:

Artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime Electoral Xeral

- 1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuio suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.*
- 2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o da Corporación*
- 3. A Mesa compraba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ó Concello remitiu a Xunta Electoral de Zona.*
- 4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dúas Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes.*

Artigo 108.8 da LOREX

No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.

Artigo 7 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Artigo 7.

O concelleiro, deputado ou membro de calquera entidade local que resultara proclamado electo, deberá presentar a credencial ante a secretaría xeral.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Unha vez establecida a lexislación que lle é de aplicación á presente sesión constitutiva da Corporación municipal, o Sr. Secretario procede o desarrollo da devandita sesión mediante a constitución da Mesa de Idade.

CONSTITUCIÓN MESA DE IDADE.

No referente a este punto, o Sr. Secretario fai constar que na Secretaría Xeral do Concello xa se recibiu da Xunta Electoral de Zona de Chantada a certificación acreditativa dos Concelleiros proclamados electos neste municipio (ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS). Asimesmo, sinala que xa se comprobou por parte da Secretaría do Concello quen son os concelleiros electos de maior e menor idade, mediante o cotexo cos datos do Padrón municipal de habitantes.

Tendo en conta todo o anterior, resulta que a Mesa de Idade queda integrada, neste caso, por:

- 1.- Don FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA, como Concelleiro/a proclamado de maior idade, en calidade de PRESIDENTE da Mesa de Idade,
- 2.- Dona ALBA VILLASANTE TORRES , como Concelleira electa de menor idade, actuando en calidade de VOCAL da Mesa de Idade.

Segue a actuar como SECRETARIO da referida Mesa o da Corporación.

Seguidamente pasan a ocupar a mesa presidencial os concelleiros designados para formar a Mesa de Idade, cedéndolle a continuación o turno de palabra o Sr. Secretario ó Sr. Presidente da Mesa de Idade, D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira para que continue co desarrollo da sesión de constitución da Corporación municipal.

Constituída a MESA DE IDADE, o Sr. Presidente da paso á comprobación de credenciais e a conseguinte constitución da Corporación.

COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS. DECLARACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

O Sr. Presidente da Mesa de Idade sinala que polo Secretario do Concello xa se recibiu da Xunta Electoral de Zona de Chantada as certificacións acreditativas dos Concelleiros proclamados electos neste municipio, é dicir, a ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374016
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Con anterioridade a esta sesión constitutiva foron entregadas as credenciais dos once Concelleiros electos ó Sr. Secretario do Concello, o cal as comprobou debidamente, cotexándoas coa ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS.

Con anterioridade a este acto, tamén se deu conta ós novos concelleiros electos por parte da Secretaría do Concello do estado da tesourería municipal ou acta de arqueo e do estado do inventario de bens municipais;

Neste momento, a Mesa de Idade fai comprobación de que tódalas credenciais presentadas coinciden coa ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS. Neste caso o Sr. Presidente da Mesa de Idade quere facer constar en acta que o día 9 de xuño chegou ó Concello de Palas de Rei unha comunicación da Xunta Electoral de Zona de Chantada onde se aceptaba a renuncia de Dona Angela Pérez Vázquez, candidata número 2 do PSG-PSOE, e se proclamaba como concelleira electa a Dona Noelia Vázquez Paredes, candidata número 5 da lista do PSG-PSOE.

Polo tanto, como Presidente da Mesa de Idade e tendo en conta que o número de membros da Corporación que hoxe asisten é a totalidade dos mesmos e polo tanto a maioría absoluta legal previda polo artigo 195.4 da LOREX e 37.4 do ROF, procede **DECLARAR COMO CONSTITUÍDA A CORPORACIÓN.**

Constituída a corporación, o Sr. Presidente da Mesa de Idade da paso á toma de posesión dos Concelleiros electos.

TOMA DE POSESIÓN. XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELEIROS ELECTOS.

O Sr. Presidente da Mesa cede o turno de palabra ó Sr. Secretario para que proceda a dar lectura á lexislación que lle é de aplicación a este punto.

O Sr. Secretario pasa a ler, de maneira literal ós artigos que son de aplicación.

Conforme ó **artigo 108.8 da LOREX**, resulta que *no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.*

Conforme o artigo 75.7 da LRBRL " *Os representantes locais, así como os membros non electos da Xunta de Goberno Local, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que !les proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.*





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Formularán así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información sobre as sociedades participadas por elas e das liquidacións dos impostor sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades. Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión..."


Conforme o Artigo 1 do Real Decreto 707/79, de 5 de abril, “ no acto de toma de posesión de cargos ou funcións públicas na Administración, quen teña que dar posesión formulará ó designado a seguinte pregunta:

¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE PALAS DE REI CON LEALTADE Ó REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?

Esta pregunta será contestada cunha simple afirmativa: sí XURO OU sí PROMETO”.

En relación con este asunto, o Sr. Secretario sinala que as declaracións de bens patrimoniais e as declaracións sobre posibles causas de incompatibilidade foron entregadas en tempo e forma por todos os concelleiros electos. En canto as declaracións sobre posibles causas de incompatibilidade, o Sr. Secretario expón que a concelleira electa Dona Alba Villasante Torres incorre nunha causa de incompatibilidade (artigo 178.2 apartado B da LOREX ;“*Los Directores de Servicios, funcionarios o restante personal en activo del respectivo Ayuntamiento y de las entidades y establecimientos dependientes de él*”). Dita incompatibilidade debe ser declarada polo Pleno no primeiro pleno a celebrar despois do presente pleno de constitución. Unha vez declarada, a concelleira electa debe optar entre renunciar ó posto de concelleiro ou ben solicitar a situación de servizos especiais (ou a que proceda) en relación o seu posto de traballo no Concello.

Polo tanto, en virtude da lexislación que lle é de aplicación, seguidamente vaise proceder a chamar a todos e cada un dos Concelleiros proclamados electos, pola orde en que figuran na ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS enviada pola Xunta Electoral de Zona de Chantada, prestando xuramento ou promesa, de acordo coa formula regulamentaria que determina o Real Decreto 707/79, de 5 de abril.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

**¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA
E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO
CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE PALAS DE
REI CON LEALTADE Ó REI E GARDAR E FACER GARDAR
A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO
ESTADO?**

Á formulación da mencionada pregunta, os Concelleiros electos responderon da seguinte maneira:

D. PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA:	SÍ XURO.
D. FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA:	SÍ XURO.
DONA MARIA AURORA VILA AGRA:	SÍ XURO.
D. AMANDO SANDE AGRA:	SÍ XURO.
DONA ALBA VILLASANTE TORRES.	SÍ XURO.
D. JOSE RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ:	SÍ XURO.
D. JESÚS FANDIÑO SÁNCHEZ:	SÍ XURO.
D. HORACIO ROUCO FERRO:	SÍ PROMETO.
D. JOSE SABINO PRIETO VÁZQUEZ:	SÍ PROMETO.
D. JOSÉ RAMON LÓPEZ BRUZOS.	SÍ PROMETO.
DONA NOELIA VÁZQUEZ PAREDES.	SÍ PROMETO.

O Sr. Secretario cede o turno de palabra o Sr. Presidente da Mesa de Idade, Sr. Pensado Barbeira.

O Sr. Presidente da **Mesa de Idade** declara **constituída a Corporación Municipal** que queda integrada polos seguintes Concelleiros:

D. PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA.
D. FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA.
DONA MARIA AURORA VILA AGRA.
D. AMANDO SANDE AGRA.
DONA ALBA VILLASANTE TORRES.
D. JOSE RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ.
D. JESÚS FANDIÑO SÁNCHEZ.
D. HORACIO ROUCO FERRO.
D. JOSE SABINO PRIETO VÁZQUEZ.
D. JOSÉ RAMON LÓPEZ BRUZOS.
DONA NOELIA VÁZQUEZ PAREDES.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

O Sr. Presidente da Mesa de Idade da paso ó seguinte asunto que é a elección do Sr. Alcalde- Presidente, ó xuramento ou promesa e a toma de posesión do cargo.

ELECCIÓN DO SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE, XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN.

O Sr. Presidente da Mesa cede o turno de palabra ó Sr. Secretario para que proceda a dar lectura á lexislación que lle é de aplicación a este punto.

O Sr. Secretario pasa a ler, de maneira literal ós artigos que son de aplicación.

Artigo 196 apartado primeiro da Lei Orgánica 5/85. de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral,

"Na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a) *Poden ser candidatos todos os Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- b) *Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*
- c) *Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.*

Artigo 40 do Real Decreto 2568/1986, polo que se establece o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

1. A elección e destitución de Alcalde rexese polo disposto na lexislación electoral, sen prexuízo da aplicación das normas relativas ó réxime de sesións plenarias do Concello.

2. Quen resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos.

3. Se non está presente na sesión de Constitución, será requirido para tomar posesión no prazo de corenta e oito horas, igualmente ante o Pleno corporativo, coa advertencia de que, caso de non facelo sen causa xustificada, estarase ao disposto na lexislación electoral para os casos de vacante na Alcaldía. "

...///...



Artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/186, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

"Antes de comezar o exercicio das súas funcións, o Alcalde deberá, xurar ou prometer o cargo ante o Pleno. "

Artigo 60.2 LALGA (Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia)

"2. Os Concelleiros son elixidos mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto e o Alcalde é elixido polos Concelleiros ou polos veciños, todo el/o nos termos que estableza a lexislación electoral xeral. "

A continuación o Sr. Secretario afirma que, en canto á clase de votación, non existe previsión legal ou regulamentaria sobre a forma de votación pola que debe elixirse ao Alcalde-presidente. Nin a LOREX, nin a LBRL, nin a Lei 5/1997 de administración local de Galicia, nin no ROF, se determina ou regula nada sobre un concreto sistema de votación para esta elección.

Así, mentres que o artigo 73 da LBRL, establece: *"1. A determinación do número de membros das Corporacións locais, o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato e os supostos de inelixibilidade e incompatibilidade se regularán na lexislación electoral.*

A lexislación electoral (196 LOREX procedemento) non di nada agás a previsión do artigo 5, conforme ó cal establece que ninguén pode ser obrigado ou coaccionado baixo ningún pretexto no exercicio do seu dereito de sufraxio, nin a revelar o seu voto.

Por outra banda o artigo 102.3 do ROF establece que, *"a votación secreta só poderá empregarse para a elección ou destitución de persoas".*

En consecuencia, dado que o artigo 196 da LOREX non se decanta por unha concreta forma de votación para a elección do Alcalde, A FORMA OU CLASE DE VOTACIÓN poderá ser calquera das previstas no funcionamento normal da Corporación, é dicir, ordinaria, nominal ou secreta, quedando a decisión do Pleno a forma de votación.

O Sr. Secretario cede o turno de palabra o Sr. Presidente da Mesa de Idade.

O Sr. Presidente de Mesa somete a votación a forma ou clase de votación para a elección do Sr. Alcalde:

Votos a favor da votación ordinaria: 11 votos (unanimidade)



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374016
concellopalas@yahoo.es
www.palasdere1.com

Polo tanto queda aprobada por unanimidade a votación ordinaria como forma de votación para a elección do Sr. Alcalde.

Seguidamente, unha vez elixido a clase de votación, o Sr. Presidente de Mesa pregunta os dous Concelleiros que encabezan as dúas listas electorais (**D. PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA, como cabeza de lista do PP e D. HORACIO ROUCO FERRO, como cabeza de lista do PSG-PSOE**) se presentan a súa candidatura para ser o **Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PALAS DE REI.**

Vaise proceder a efectuar a correspondente votación e o escrutinio da mesma:

VOTOS A FAVOR D. PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA (7 VOTOS).
VOTOS A FAVOR D. HORACIO ROUCO FERRO (4 VOTOS).

Polo señor Presidente da Mesa de Idade, proclámase Alcalde-Presidente deste Concello a D. PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA.

A continuación o Sr. Alcalde debe manifestar á Corporación a aceptación do Cargo, formulando xuramento ou promesa con arreglo á pregunta establecida no Real Decreto 709/1979, de 5 de abril.

O Sr. Presidente da Mesa pregunta a **D. PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA,**

¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PALAS DE REI CON LEALTADE Ó REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?

O Sr. PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA resposta SÍ XURO.

O Sr. Presidente da Mesa dedica as seguintes palabras o Sr. Alcalde antes de facerlle entrega do bastón de mando.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdere.com

“Querido Alcalde: Hoxe fai catro anos tiven a honra de entregarlle o bastón de mando pedinche que foses un Alcalde serio e responsable co teu pobo e hoxe, con orgullo, podó dicir que demostraches con solvencia ser un Alcalde con talante conciliador, responsable e bo xestor, deixando para outras persoas a xudicialización da vida política, a patraña e a confrontación seguindo aquela maravillosa frase de Don Quixote “ladran los perros, Sancho, luego cabalgamos”.

Gustaríame, en último lugar, facerte un resumen final, antes de que a vocal da Mesa de Idade Dona Alba Villasante Torres, como concelleira máis xoven, che faga entrega do bastón de mando, recordando as palabras do insigne Miguel de Cervantes, no seu libro “Os Traballos de Persiles e Segismunda” do ano 1616:

“EL TIEMPO ES BREVE”

“LAS ANSIAS CRECEN”

“LAS ESPERANZAS MENGUAN”

“Y CON TODO ESTO LLEVO LA VIDA CON EL DESEO QUE TENGO DE VIVIR”

A continuación, O Sra. Vocal da Mesa de Idade, Dona Alba Villasante Torres entrégalle o bastón de mando o Sr. Alcalde, pasando a Presidir a sesión, cesando nas súas funcións os señores Concelleiros que forman a Mesa de Idade.

O recentemente elixido Sr. Alcalde do Concello de Palas de Rei, D. Pablo Jose Taboada Camoira dispónse a realizar un breve discurso.

En primeiro lugar, o Sr. Alcalde quere agradecer a todos os palenses a demostración que fixeron o día 24 de maio de madurez democrática. Tamén quere agradecer a confianza que demostraron na súa persoa e no partido popular e que se manifestou coa maioría absoluta alcanzada nas pasadas eleccións.

Por outro lado, quere tamén manifestar o seu agradecemento ós concelleiros que abandonan no día de hoxe o seu cargo de concelleiro, como son Dona María Cristina Lodeiro Castiñeira, Dona Ángela Pérez Vázquez e Don Antonio Blanco Estevo. Asimesmo, quere dar a benvida ós novos concelleiros que se incorporan á vida municipal, a D. Jesús Fandiño Sánchez, a Dona Alba Villasante Torres e a D. José Ramón López Bruzos.

O Sr. Alcalde tamén quere agradecer, de maneira moi especial, o enorme apoio e a enorme comprensión recibida por parte da súa muller, da súa filla, dos seus pais e de todo o resto da súa familia durante os catro últimos anos e, en especial, durante os últimos meses.

O Sr. Alcalde expón que a día de hoxe, Palas de Rei xa é o motor económico e social da Comarca da Ulloa e isto se manifesta en que é o municipio con maior renda per cápita de toda a comarca. Partindo desta base, a presente lexislatura, que se plantea chea de non menos retos e dificultades que a pasada, preséntase como o momento idóneo para consolidar esta



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

privilexiada posición e para iso, imos defender ante todo os intereses xerais do municipio de Palas de Rei. Por iso, dende esta Corporación municipal non imos cesar na nosa petición de reclamar o que consideramos como a débeda histórica que ten a Deputación Provincial de Lugo cos palenses e que se viu enormemente incrementada nos últimos catro anos.

O Sr. Alcalde afirma que, para conseguir estes retos e para superar as adversidades ou dificultades que poidan existir, o seu grupo de goberno ten, dende hoxe mesmo, a man tendida para todos os concelleiros da oposición e para todos os veciños porque xuntos poderemos consolidar e manter a Palas de Rei como un referente non só na comarca senón tamén no conxunto da provincia de Lugo.

Por outra banda, o Sr. Alcalde afirma que nos últimos catro anos Palas de Rei recuperou a normalidade e a convivencia no día a día, e agora que xa pasou a época da política e das eleccións, o pobo debe volver á sana convivencia e á época dos feitos e das persoas.

O Sr. Alcalde quere agradecer o traballo realizado por todos os empregados públicos do Concello, considera que é de xustiza recoñecer dito traballo debido ó ambiente e a xudicialización en que se viron metidos algúns deles por motivos alleos e que causaron moito dano, dor e sufrimento as súas respectivas familias.

Por último, o Sr. Alcalde dá as grazas a todos os asistentes a este acto e volve solicitar de todos apoio e colaboración.

Rematado o discurso do Sr. Alcalde, o pleno de constitución remata coa escoita do Himno de Galicia.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente da por rematado o acto, e levanta a sesión as doce horas e cincuenta minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé

